

**Nós, coma os melros ¡Sempre coma os melros!  
Na recepción do Premio Lois Peña Novo  
Castelo de Soutomaior  
26/06/2008**

Xesús Ferro Ruibal

Agradezo de corazón esta prezada distinción ós que me propuxeron pra ela, ós que ma concederon, ós membros da Fundación Lois Peña Novo que tantos anos levan na promoción cordial do galego na Administración, a todos vostedes, que son xente ocupada, e fixeron moitos kilómetros para estaren hoxe en Soutomaior. Graciñas por ese afecto que é osíxeno.

Espero que non lles pareza mal se, ó mesmo tempo, lles digo que non deben de tomar ó pé da letra eses eloxios hiperbólicos, porque a lingua galega a min non me debe nada de nada. Son eu quen llo debo todo: dende a capacidade de lles estar transmitindo con precisión o que está a pasar pola miña cabeza (milagre que cada día me impresiona máis), ata o papel que levo emborranchado e que hoxe censores amigos eloxiaron por demais.

Pero vamos ó caso. Aquí non vimos falar de min. Eu hoxe en Soutomaior son unha metáfora. Vir esta tarde a Soutomaior, habendo tanto que facer, é facer unha peregrinación laica. A este castelo medieval, convertido para este caso en altar da patria, vimos afirmar que a lingua galega é máis vella có asinantes do *Manifiesto por la lengua común*; máis vella cá Constitución Española; máis vella cá Unión Europea; máis vella cá propia España. Esas son torres importantes pero a lingua galega está afeita a navegar nos mares máis bravos da historia. E dicímolo na casa de Pedro Madruga.

Vimos afirmar que, agrade ou non agrade, esta lingua está viva e vai seguir viva. Apálpense, por favor, e comprobén que están vivos. Mírenlle os ollos a quen teñen par de si, miren os seus fillos e comprobén que eles tamén están vivos. Hai futuro. Entre vostedes está caladiño un científico da Universidade de Vigo que leva dez anos analizando o galego na internet e que certifica que a lingua galega crea cada ano unha media de 2.500 palabras novas. É dicir, que o galego é ese patrimonio que mingoa con cada vello que morre, cousa que é certa, pero tamén ese patrimonio que medra con cada nova boca que se incorpora a falalo. E aí no fondo, no colo da nai, está Nuno, un meniño de tres anos que leva ano e pico falando un galego que namora.

Os galegos non sómo-los mellores habitantes imaxinables deste territorio paradisiáco. Entre as nosas eivas está esa teima hipocondríaca de no queixo mirar sempre para os buratos. Pero observen a ofensiva mediática da aristocracia lingüística española. Aí teñen a proba de que xa cabalgamos, de que estamos recuperando territorio, de que os aristócratas da lingua ven perigar parte das súas regalías. É moi reveladora esa ofensiva, porque esa aristocracia percibe mellor ca nós a vitalidade real da lingua galega nos centros de ensino, na mocidade, na administración, nas notarías, no comercio, na xustiza; o aumento da produción literaria e audiovisual e o prestixio internacional da lingua no eido científico. Nós, os hipocondríacos, témo-la mirada domesticada por uns medios que (estratexia complementaria) ocultan día por día esa emocionante vitalidade da lingua. Vén moi a xeito esa ofensiva aristocrática, porque nos obriga tamén a pousa-los pés na terra, a non repartir-la pel do lobo antes de o cazar, a afina-lo noso pensamento, a poñerlle sentidiño á nosa actividade.

Os paxaros comían cereixas moito antes de que o home aprendese a comelas. As cereixas foron feitas para os paxaros, porque a cerdeira, xa saben, é longa das pólas e curta do pé. Un veciño meu, de Rebón, ten unha cerdeira moi xeitosa pero desespérase porque os melros lle comen as mellores, que son as máis altas. E el, para escorrentalos, argallou de poñerlle un radio encendido na cerdeira. O primeiro día os melros tomáronlle medo ó aparello pero despois decidiron en asemblea que, como as cereixas eran deles, ían seguir picándoas igual. Agora pícanas e vanas dixerir enriba do radio sentindo nas patas as cóchegas da música. Pois nós ¡coma os melros! ¡Sempre coma os melros!